

# “[Da]TerraSemente [Dá]SementeTerra”

Residencias de cocreación artística  
coa comunidade  
e contorna rural.

Fotografía: Ruth Matilda Anderson, “Fotografías de Galicia 1924-1926”.

Do 3 ao 13 de agosto  
no Museo Pazo de Tor  
Monforte de Lemos

## “[Da]TerraSemente [Dá]SementeTerra”

Encontros de cocreación artística coa  
comunidade e a contorna rural,  
con Carla Andrade, Eva Antelo,  
María Roja e Tamara Wassaf.



Cultura



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

servicios  
culturales

VAC/OCERO

**Organiza Rede Museística Provincial de Lugo**

Comisariado e coordinación: Vaciocero servicios culturales.

“[Da] terra que  
[Dá] novas relacións entre arte e vida”

## QUE?

### “[Da]TerraSemente [Dá]SementeTerra”

Convivencias de co-creación artística coa comunidade e contorna rural.

Las convivencias [Da][Dá] “Da semente terra, da terra semente” están motivadas pola necesidade de crear un espazo de conversa, creación e recuperación. Consideramos a arte como a plataforma dende a cal poder falar, visibilizar ou berrar alto e claro sobre as temáticas vencelladas as comunidades e espazos da nosa contorna rural.

Propónse un formato de convivencias baixo as premisas de crear, compartir e recuperar; entendendo a terra como un punto raíz e un punto de conexión, partindo da memoria recollida sobre eses espazos pretendendo configurar unha perspectiva real.

Baixo o concepto de “Arquivo” como rexistro, memoria permanente e testemuña. Propónse repensar este formato e acción, para aportar unha ollada diversa arredor de temáticas tales como a migración, a diversidade cultural, as clases sociais, o despoboamento, a igualdade e a problemática rural entre outros. Colocando o foco principal nas persoas, voltando á raíz das historias e narracións que a nosa sociedade nos aporta como preestablecidas e veraces.

## QUEN?

As convivencias estarán conformadas **por catro artistas contemporáneas do tecido cultural galego**. Catro miradas, catro disciplinas, infinidade de posibilidades de conversa con:

Carla Andrade (audiovisual) // Eva Antelo (interdisciplinar) // Tamara Wassaf (fotografía) e María Roja (performance).

As cales, crearán catro proxectos baseados na **escoita activa e traballo directo coa comunidade**. Diversas en temáticas e procesos de produción.

## COMO?

### AS CONVIVENCIAS:

**A CONVIVENCIA E CREACIÓN CO MEDIO RURAL E A SÚA COMUNIDADE CONSIDERASE VITAL NO DESEÑO DOS PROXECTOS, ASÍ COMO A ADECUACIÓN Á SÚA CONTORNA E A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL E SOCIAL DE LUGO DENDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO, SUSTENTABILIDADE, RESPECTO E ACCESIBILIDADE.**

As convivencias serán sempre **un espazo aberto ao público fomentando “o achegamento”** ós procesos creativos nas súas diferentes fases. **Desde a escoita activa, propiciaremos un espazo de convivencia e cocreación entre artistas multidisciplinares e as diversas comunidades** ou colectivos que formen parte directa no proceso, configuración ou formalización dos proxectos a realizar.

Á súa vez durante os 10 días do programa **realizaranse dúas fases** compostas por **unha xornada de portas abertas (coñecer as artistas residentes e os seus proxectos), e unha xornada de posta en común de resultados**, reflexións e experiencias tras a residencia. Xerando deste xeito diversos períodos formativos que as artistas residentes e cidadanía poderán gozar e vivir en primeira persoa. **Culminando e pechando o período de convivencia cunha exposición colectiva** dos resultados obtidos no programa

## CANDO?

As artistas contarán cun período de 10 días para a realización das súas propostas. No cal deberán executar e formalizar o proxecto deseñado previamente ao período da convivencia. Experimentando o Pazo de Tor como espazo de creación, produción e reunión.

**Do 3 ao 13 de agosto.**

## ONDE?

Partiremos do traballo e convivencia no Museo Pazo de Tor, situado en Monforte de Lemos, Lugo.

[http://redemuseisticalugo.org/pdt\\_presentacion.asp](http://redemuseisticalugo.org/pdt_presentacion.asp)

As orixes do Pazo de Tor están ligadas á liñaxe dos Garza no século XIV, e a súa posesión mantívose en mans dos seus descendentes directos ata a súa derradeira propietaria, Dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, que fixo doazón da propiedade á Deputación Provincial de Lugo.



Fotografía: Ruth Matilda Anderson, "Fotografías de Galicia 1924-1926".

Do 3 ao 13 de agosto  
no Museo Pazo de Tor  
Monforte de Lemos

**“[Da]TerraSemente  
[Dá]SementeTerra”**

Encontros de cocreación artística coa comunidade e a contorna rural, con Carla Andrade, Eva Antelo, María Roja e Tamara Wassaf.

DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura  
VICEPRESIDENCIA

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO 

servizo cultural VAC/OCERO